

# Dous novos torques achados en Vilar do Monte

(San Fiz de Reimóndez, Sarria, Lugo)

LOIS LADRA\*

## Sumario

Preséntase un estudo sobre o recente achado casual de dous torques áureos no lugar de Vilar do Monte. Procúrase levar a cabo unha primeira achega ao contexto arqueolóxico do local da descuberta e da súa contorna máis próxima. Realízase a análise e descrición dos elementos recuperados e faise unha valoración global da importancia e significación deste achado no marco teórico actual das investigacións sobre a ourivaría protohistórica do noroeste peninsular.

## Abstract

Two gold torcs have been recently discovered at Vilar do Monte (Sarria, Lugo, Galicia). In this paper we study their material, formal and technological aspects. In a former analytical context we try to emphasize their special importance and significance in the regional Iron Age to which they belong, known as the Castro Culture.

## INTRODUCCIÓN

No mes de novembro de 2004 produciuse o achado casual de dous torques áureos en perfecto estado de conservación no lugar de Vilar do Monte, pertencente ao concello lugués de Sarria. A noticia foi recollida días máis tarde en diversas edicións comarcais, provinciais e nacionais de varios medios xornalísticos (cfr. *La Voz de Galicia*, 26-11-2004, 27-11-2004 e 28-11-2004; *El Progreso*, 26-11-2004 e 28-11-2004). Grazas á exemplar actitude do seu descubridor, don José Luis García Castro, e ás xestións levadas a bo termo polo daquela director do Museo Arqueolóxico do Castro de Viladonga, don Felipe Arias, as pezas ingresaron no devandito centro, onde actualmente se poden contemplar no marco da montaxe expositiva titulada *Arqueoloxía, lexislación e sociedade: o achado de dous torques en Vilar do Monte, Sarria* (ARIAS, 2005).

Aos poucos días de facerse pública a noticia desta descuberta conversamos co seu autor, para tentar esclarecer na medida do posíbel as circunstancias do achado e as súas características deposicionais, todo iso *in situ*. Posteriormente, unha vez rematado o estudo preliminar destas pezas no citado museo, foi redactado este traballo que agora ve a luz no *Anuario Brigantino*.

## VILAR DO MONTE E AS CIRCUNSTANCIAS DO ACHADO

O lugar de Vilar do Monte pertence á freguesía de San Fiz de Reimóndez, adscrita ao concello de Sarria, no marco administrativo da actual provincia luguesa. O mesto casarío que conforma esta pequena aldea sitúase a uns 640 m de altitude sobre o nivel do mar,


---

\* Arqueólogo. Licenciado con Grado en Xeografía e Historia (Prehistoria-Etnoloxía) pola Universidade Complutense. Diplomado en Estudos Avanzados (Arqueoloxía) pola Universidade de Santiago de Compostela. Mestre en Arqueoloxía pola Universidade do Porto.

nunha típica paisaxe rural de suaves perfís ondulados bastante antropizados por mor dun marcado aproveitamento agropecuario da zona. O lugar exacto onde apareceu o achado, na *aira* da vivenda número 8, localízase nas coordenadas UTM 6285964734115.

Unha detida observación a pé de campo, contrastada coa fotointerpretación aérea da aldea, desbota, *a priori*, a superposición topográfica do núcleo actual sobre calquera asentamento fortificado pretérito. Porén, convén salientar a próxima presenza do chamado *Castro de San Pedro*, localizado a uns escasos 800 m en liña recta ao SL de Vilar do Monte, cunha croa de pouco máis de 8000 m<sup>2</sup> de extensión, bastante arrasada. Por outra banda, resulta de grande interese a existencia do manancial acuífero natural coñecido como *A Fonte dos Remedios*, cristianizado pola ermida-santuario homónima, a uns 750 m ao leste da aldea. Todo isto sen esquecer que, a unha escala de análise un pouco maior, a menos de 4 km ao sur de Vilar do Monte contamos co significativo e suxerente topónimo *O Oural*.

Tal e como se desprende das informacións que nos facilitou directamente o autor da descuberta, os torques foron asoellados casualmente a mediados do mes de novembro de 2004 cando se procedía ao acondicionamento dunha eira. As obras que sacaron á luz estas pezas consistiron no rebaixe mecánico da anterior cota do terreno, acadándose unha fondura máxima inferior ao metro.



Mapa de localización de  
Vilar do Monte.




Fotografía aérea da aldea de Vilar do Monte, indicando o lugar exacto do achado.

O achado está conformado por dous torques áureos en perfecto estado de conservación, sen presenza ningunha de calquera tipo de estrutura construtiva *ad hoc* ou de material ergolóxico de factura humana no sedimento que os recubría: nin restos cerámicos, nin ósos, nin metais, nin nada semellante. Tampouco se observou a concorrencia de terras estrañas á natureza estratigráfica do local, nin niveis de combustión, cinzas, carbóns ou calquera outro tipo de elementos rechamantes. Daquela, en principio, trataríase dun depósito pechado e illado.

A natureza xeolóxica do local amosa unha superficie de aplanamento con substrato principal de xistos e lousas e unha potente sedimentación de terras por cima da rocha base. Porén, das informacións ofrecidas polo autor do achado dedúcese a significativa presenza dunha marcada concentración de *seixos arrubiados e anegridos* de pequeno porte no lugar exacto onde apareceron os torques, por contraste coa masiva presenza de terras practicamente exentas de achegas líticas que os arrodeaban. É dicir, a pesar das lóxicas alteracións producidas no terreno pola remoción mecánica do seu sedimento, entre o volume total de terras retiradas destacaba unha marcada concorrencia de elementos litolóxicos nunha zona concreta, que coincide coa da aparición pontual das pezas. Estes *seixos*, de abundosa presenza na contorna inmediata de Vilar do Monte, non estaban tomados con ningún tipo de elemento antrópico de ligazón, como podería ser barro, arxila ou morteiro, nin se apreciaban restos deste tipo de materiais colados a eles. Tampouco podemos saber se a súa deposición orixinal amosaba algunha caste de morfoloxía específica (*amilladoiro*, plataforma...).

Para alén destas particulares circunstancias deposicionais, non podemos precisar o momento histórico en que se produciu o *enterramento* destes torques, ignorándose por tanto



*Croquis da zona do achado.*



*Lugar da descuberta (novembro, 2004). Obsérvase a diferenza de cota entre o chan orixinal, á dereita, e o rebaixe practicado, á esquerda. Arquivo Gráfico do Museo Arqueolóxico do Castro de Viladonga.*



*Lugar da descuberta unha vez rematadas as obras da eira (marzo, 2006).*

as súas causas e o seu posíbel significado orixinal: ocultación deliberada provocada por algunha causa conxuntural, ofrenda votiva, enxoval funerario... E tamén carecemos de intervención arqueolóxica algunha que puidera ter permitido axudar a caracterizar mellor o contexto estratigráfico do achado. As numerosas incertezas descritas obríganos a ser cautos ante calquera tipo de hipótese explicativa, ao carecer de elementos suficientes que poidan contextualizar pormenorizadamente as súas circunstancias deposicionais.



*Conxunto de seixos arrubiados que apareceron xunto aos torques. Arquivo Gráfico do Museo Arqueolóxico do Castro de Viladonga.*

A descuberta casual de torques áureos non é un fenómeno estraño no Noroeste peninsular; máis ben, resulta case unha constante facilmente contrastábel tan só con botármolles un ollo á historiografía da ourivaría castrexa (LADRA e PRADO, 2000). Porén, se nos circunscribimos ao marco administrativo actual do concello de Sarria, supón unha certa novidade, aínda que no próximo termo municipal do Incio teñan aparecido outros dous torques e braceletes áureos semellantes en senllos achados con circunstancias tamén azarasas (CASTILLO, 1934; CARRÉ, 1947).

#### BREVE DESCRICIÓN DOS TORQUES DE VILAR DO MONTE

Este achado, como xa sinalaos, componse de dous torques áureos enteiros, que denominaremos, a efectos descritivos, Vilar do Monte I e Vilar do Monte II. As súas características principais son as seguintes:



*Torques de Vilar do Monte, actualmente no Museo Arqueolóxico do Castro de Viladonga.*



*Torques de Vilar do Monte-I.*

Vilar do Monte I: torque ríxido, con haste lisa e maciza de sección cadrangular, con arestas remarcadas e desenvolvemento curvo en forma de C, dotado de remates lisos e macizos do tipo chamado *de dupla escocia*. Corresponde ao morfotipo E2a da proposta elaborada por Pérez Outeiriño (1990). O seu aro acada un desenvolvemento exterior de aproximadamente 304 mm cunha anchura máxima na zona central de 11 mm e mínima, preto dos terminais, de 8 mm. Os lados atinxen unha anchura máxima de 8 mm e mínima de 6 mm. O diámetro interior máximo actualmente descrito polo aro é de 129 mm, con medidas máximas exteriores de 147 mm no eixo vertical e 147 mm no eixo horizontal. Os remates presentan 39 mm. de lonxitude e 33 mm de anchura máximas, con discos proximais de 22 mm de diámetro, estrangulamento distal de 11 mm e discos exteriores lisos de 21 mm de diámetro. A distancia mínima de separación entre as escocias é actualmente de 74 mm. O valor ponderal desta peza segundo a documentación relativa a ela existente no museo do Castro de Viladonga é de 414 g (ARIAS, 2004).

Vilar do Monte II: torque ríxido, con haste lisa e maciza de sección cuadrangular, arestas sinxelas e desenvolvemento curvo en forma de C, dotado de remates lisos e macizos



*Torques de Vilar do Monte-II.*

de tipo piriforme. Corresponde ao morfotipo C2a da proposta elaborada por Pérez Outeiriño (1990). O seu aro acada un desenvolvemento exterior de aproximadamente 340 mm, cunha anchura máxima na zona central de 10 mm e mínima, preto dos terminais, de 8 mm. Os lados atinxen unha anchura máxima de 7 mm e mínima de 6 mm. O diámetro interior máximo actualmente descrito polo aro é de 128 mm, con medidas máximas exteriores de 141 mm no eixo vertical e 144 mm no eixo horizontal. Os remates presentan 24 mm de lonxitude e 20 mm de anchura máximas. A distancia mínima de separación actual entre as puntas das periñas é de 65 mm. O peso desta peza é de 243 g, consonte a información recollida verbo deste particular no relatorio inédito depositado no museo do Castro de Viladonga (ARIAS, 2004).

En ausencia de análíticas pormenorizadas que poidan determinar con precisión a porcentaxe e o grao de pureza dos metais empregados na súa elaboración, nunha primeira observación macrovisual semella que o ouro fino é o protagonista material case que absoluto na confección dos dous torques, con oxidacións puntuais de ligas e aliaxes secundarias visíbeis nas zonas de solda e unión da haste cos terminais. Por outra banda,



*Detalle do terminal do torques de Vilar do Monte-I.*

non se aprecia concorrencia ningunha de marcas de ourive na superficie exterior dos torques, se ben si son notábeis diversas improntas que denotan procesos de martelado, pulido e uso posterior.

#### PARALELOS FORMAIS E A DSCRICIÓN CULTURAL

Os exemplares que acabamos de analizar corresponden a dúas variedades formais dabondo coñecidas na ourivaría castrexa: as chamadas *flaviense* e *nororiental* (Morfotipos



*Pormenor da haste do torques de Vilar do Monte-I. Obsérvense as arestas remarcadas.*

E2a e C2a da proposta de PÉREZ, 1990). Os torques do tipo flaviense presentan unha haste de sección tetragonal, con remates duploescócicos, mentres que os exemplares do tipo nororiental se caracterizan xenericamente por amosar unha haste semellante, dotada de senllos terminais piriformes. Se ben para os primeiros coñecemos numerosos casos tanto lisos coma decorados, os segundos adoitan carecer de calquera tipo de ornamentación.

Verbo dos torques de *tipo flaviense*, hoxe por hoxe contamos con preto dunha decena de casos coñecidos: Vilar do Monte I (San Fiz de Reimóndez, Sarria, Lugo), Melide (Melide, A Coruña), Lebução I (Lebução, Valpaços, Vila Real), Castro de San Lourenzo do Pastor I (San Lourenzo do Pastor, O Pino, A Coruña), Codeçais (Santo Estêvão de Faiões, Chaves, Vila Real), Paradela do Rio II (Paradela do Rio, Montalegre, Vila Real), Campu de Villabona I e II (Villabona, Tinéu, Astúries) e varios exemplares de procedencia descoñecida ou controvertida coma o torque B do British Museum, un de prata eventualmente asoellado na zona de Sobrado dos Monxes e outros actualmente depositados no Museo Provincial de Lugo.

A área xeográfica dos achados deste tipo de torques semella amosar dous núcleos de concentración diferenciados: un máis septentrional, na Terra de Melide, con exemplares lisos de aspecto máis tosco e outra meridional, na contorna de Chaves, con colares de terminais formalmente moi requintados e con presenza significativa de ornamentación na haste ou nos terminais. Unicamente os achados de Campu de Villabona e de San Fiz de Reimóndez aparecen illados no mapa, conformando actualmente senllas excepcións afastadas dos devanditos puntos de referencia. No caso sarriano, esta descuberta constitúe unha novidade distributiva a ter en conta para futuros estudos de conxunto.

Por outra banda, até o momento actual coñecemos máis de unha ducia de torques adscritos formalmente ao *tipo nororiental*. A saber: Vilar do Monte II (San Fiz de Reimóndez, Sarria, Lugo), Agro da Matanza (Santiago de Xubial, Melide, A Coruña), Berdillo (San Lourenzo de Berdillo, Carballo, A Coruña), Croa de Riotorto III e V (San Pedro de Riotorto, Riotorto, Lugo), Monte de Lago I (Santo André de Masma, Mondoñedo, Lugo), San Vicente de Curtis (San Vicente de Curtis, Vilasantar, A Coruña), Melide (Melide, A Coruña), Serra da Capelada (San Xiao de Montoxo, Cedeira, A Coruña), Castro de Foxados IV (Santa María de Foxados, Curtis, A Coruña), Leira do Castro (Santo Tomé do Castelo, O Incio, Lugo), Valadouro (Valadouro, Lugo), Fisteus (Santa María de Fisteus, Curtis, A Coruña) e un exemplar de procedencia descoñecida actualmente depositado no MAN



(1972/113/6).

Sobre a área xeográfica que amosan os achados deste tipo específico de torques cómpre salientar que case todos eles se concentran á volta de dúas zonas moi concretas: a Mariña Central Lucense e a Terra de Melide (cfr. mapa de distribución en LADRA, 1999a: 28). Até certo punto, o achado do Incio que até agora aparecía illado conformaría unha terceira área xunto co exemplar de San Fiz de Reimóndez, ficando de momento apartados destas zonas os casos de Berdillo –referencia antiga a un exemplar pouco coñecido e posibelmente mal documentado desta morfoloxía– e Serra da Capelada –singular por ser o único torques deste morfotipo que amosa ornamentación superficial–. No caso da zona sarriá que actualmente nos ocupa, os exemplares de San Fiz de Reimóndez e da Leira do Castro, constituirían os exemplares de distribución máis meridional para os torques do morfotipo C2a.

Se tomamos en consideración as características deposicionais dos achados de torques adscritos ao morfotipo E2a encontrámonos co destacado feito de que non existe un padrón contextual único para todos os casos coñecidos, dándose múltiples posibilidades combinatorias en función dos parámetros analisados, se ben hai algunhas tendencias que cómpre salientar: terían aparecido no interior dos poboados algúns exemplares coma o do Castro de San Lourenzo do Pastor e, posibelmente segundo as fontes consultadas, o de Melide, mais tamén fóra deles os de Codeçais e Paradela do Rio. Para alén disto, foron asoelladas como pezas illadas as de Melide e Codeçais, mentres que apareceron asociadas a outros torques ou braceiras as de Lebução, Paradela do Rio e Campu de Villabona. Tamén observamos que a práctica totalidade dos achados con procedencia e circunstancias coñecidas recuperaron orixinalmente pezas enteiras, sen fragmentar e nun relativo bo estado de conservación, aínda que hoxe, en certos casos, non se dean estas circunstancias por mor de manipulacións antrópicas posteriores ás descubertas.

Para os torques adscritos ao morfotipo C2a obtemos un panorama semellante ao xa descrito: atopámonos con achados asoellados no interior dos povoados (castro de Santo Tomé do Castelo, castro de Foxados, croa de Riotorto...) e no exterior deles, aínda que sempre preto deles (San Fiz de Reimóndez, Serra da Capelada, Agro da Matanza). Por outra banda, recuperáronse exemplares illados (Agro da Matanza) ou agrupados con outros elementos formando depósitos complexos, tanto de torques da mesma ou de diferente



*Detalles das soldaduras dos terminais dos torques de Vilar do Monte-I e II.*



*Detalle de un dos remates do torques de Vilar do Monte-II.*

tipoloxía (San Fiz de Reimóndez, Croa de Riotorto) coma con outros obxectos de natureza áurea (Monte de Lago, Castro de Foxados). Se cadra, a regularidade que máis se repite é a de que case sempre foron recuperados orixinalmente enteiros, nunha soa peza, aínda que podían amosar certas alteracións formais (enrolamento do torques da croa de Riotorto V ou apertura excesivamente forzada dos colares de Melide e da Serra da Capelada, este último amolegado).

En definitiva, o achado de Vilar do Monte inclúe dous torques de formas e características xa ben coñecidas na bibliografía arqueolóxica, se ben cómpre diferenciar entre ambos os exemplares o feito de que Vilar do Monte I constitúe unha certa novidade distributiva, pois os seus paraleos tipolóxicos máis próximos atópanse na Terra de Melide, unha comarca relativamente distante do local onde se produciu a súa descuberta, mentres Vilar do Monte II apareceu nunha zona preto do Incio, onde xa se tiña documentado a presenza dun torques formalmente equiparábel.

Relativamente á adscrición cronocultural destas pezas, a súa vinculación coa *cultura castrexa* e coa poboación indíxena do noroeste non ofrece a máis mínima dúbida. Outra cuestión ben diferente sería a de tentar ofrecer un marco cronolóxico preciso para este tipo de producións. Hoxe por hoxe, infelizmente, carecemos de suficientes elementos contextuais como para poder ofertar unhas datas seguras e unhas secuencias tipolóxicas fiábeis (LADRA, 1999c e 2002), se ben tampouco podemos desbotar completamente as propostas que os diferentes investigadores formularon a este respecto. En termos xerais, o abano temporal maioritariamente aceptado para estas morfoloxías oscila entre os séculos V e I a.n.e., no marco da Segunda Idade do Ferro do noroeste (BALSEIRO, 2004: 46-47).

Para o caso que nos ocupa non está de máis lembrar agora o cercano achado de Rendar (CASTILLO, 1934), formado por un torques e dous braceletes con hastes lisas de sección cuadrangular e terminais en *semiperiñas* truncadas na base (tipo B de PÉREZ OUTEIRIÑO, 1990). Este senlleiro conxunto, hoxe en paradiro descoñecido, aparece morfoloxicamente adscrito á Primeira Idade do Ferro, podendo constituír un claro antecedente local ou *protoforma* do exemplar Vilar do Monte II. Neste último exemplar xa se observan como novidades a respecto daquel a presenza de periñas completamente desenvolvidas e a concorrencia do proceso de solda na unión dos seus elementos integrantes.

Retrotraéndonos no tempo até a Proto-historia final ou Segunda Idade do Ferro, a comarca sarriana conformaríase como unha zona cunha alta densidade de castros

vencellados ao *populus* dos *seurri*, dentro do que posteriormente sería bautizada como a Gallaecia lucense (PAZOS, 1916:12; TRANOY, 1981). Outro dato a ter en conta para esta área xeográfica a nivel paleoetnolóxico sería a presenza do topónimo actual *Céltigos* (lat. \**Celtici*), concretamente na parroquia de Santiago da Veiga, no mesmo concello de Sarria.

### VALORACIÓN FINAIS

Hai apenas dez anos, nun reconto que recollía pormenorizadamente os torques castrexos da Segunda Idade do Ferro do noroeste, foron inventariados case que cento vinte exemplares agrupados en cincuenta e cinco achados ou procedencias diferenciadas (PRIETO, 1996). Hoxe por hoxe, logo dunha nova revisión das fontes bibliográficas consultadas e da recente publicación de moitos casos inéditos, estamos en condicións de poder afirmar que este número se viu acrecentado considerabelmente. Con esta nova achega, o rexistro de torques castrexos coñecidos supera xa os dous centos de exemplares referenciados bibliograficamente. E todo isto sen ter en conta os casos que aínda permanecen inéditos nos museos ou en diversas coleccións privadas.

Resulta unha obviedade que este *corpus* non deixa de medrar día a día, demandando un estudo de conxunto que permita contrastar simultaneamente as características peculiares de todos e cada un deles. A información dispoñíbel para cada caso é moi desigual: nalgúns casos tan só se refire o achado dun exemplar de características descoñecidas que pouco despois de ser descuberto casualmente foi parar ao cadiño dalgún ourive desaprensivo; outras veces, os torques foron publicados con todo luxo de detalles, acompañados de descrições moi completas, análises metalográficas, amplo repertorio ilustrativo e mesmo cun certo grao de contextualización locacional.

A ninguén se lle pode escapar o feito de que frecuentemente *as árbores non deixan albiscar o bosque*, mas non por iso podemos deixar de dar a coñecer os torques que aínda permanecen inéditos ou mesmo revisar os achados antigos, pois temos a certeza de que algún día o estudo pormenorizado de conxunto de todos eles poderá ofrecer unha visión moito mellor documentada e máis completa ca a que actualmente podemos intuír.

### AGRADECEMENTOS

Quero expresar publicamente a miña gratitude a don José Luis García Castro, autor do achado dos torques de Vilar do Monte, que tivo a amabilidade de atenderme cordialmente e dar cumpridas informacións sobre as circunstancias da súa descuberta. Asemade, o persoal do Museo Arqueolóxico do Castro de Viladonga facilitoume considerabelmente o estudo e rexistro fotográfico das pezas, especialmente a súa directora, Elena Varela, e a dona Marta Cancio. O bo facer de Alfredo Erias e de Xulia Vidal supuxo unha axuda e apoio permanentes para a realización global deste traballo. Finalmente, Alfredo G. Ruibal, estimulou intelectualmente co seu traballo desde a lonxanía transoceánica esta e outras angueiras. A todos eles, moitas grazas. Calquera erro ou omisión son da miña exclusiva responsabilidade.



*Detalle de un dos discos exteriores do torques de Vilar do Monte-I. Repárese na ausencia de decoración.*

## BIBLIOGRAFÍA

- ARIAS, F. (2004), *Informe sobre o achado casual de dous torques en Vilar do Monte (Reimóndez, Sarria, Lugo)*. Relatorio inédito depositado no Museo Arqueolóxico do Castro de Viladonga.
- (2005) [Coord.], *Arqueoloxía, lexislación e sociedade. O achado de dous torques en Vilar do Monte (Sarria)*. S. l., Ed. Museo do Castro de Viladonga [Folleto divulgativo sobre a exposición homónima, editado no 2005].
- BALSEIRO, A. (1994), *El oro prerromano de la provincia de Lugo*. Lugo, Ed. Servizo de Publicacións da Excm. Deputación Provincial.
- CARRÉ, L. (1947), “Una nueva pieza para el catálogo de torques gallegos”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Lugo*, III (23-24): 21-23.
- CASTILLO, A. (1934), “Un torques y dos brazaletes”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, XXII (255): 58-62.
- GARCÍA, O. e ARMADA, X. L. (2003), “Documentación y arqueología del oro castreño: acerca de F. Maciñeira y el torques de Capelada (San Xiao de Montoxo, Cedeira, A Coruña)”, *Brigantium*, 14: 117-138.
- LADRA, L. (1997-98), “Ouros no desterro: notas encol de dous conxuntos inéditos de ourivesaría castrexa actualmente depositados no M.A.N.”. *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, VIII (1): 45-78.
- (1999a), “O torques do Agro da Matanza”. *Boletín do Centro de Estudos Melidenses*, 12: 23-34.
- (1999b), “Análisis ponderal de los torques castreños”. *Complutum*, 10: 143-156.
- (1999c), “Algunhas consideracións sobre un fragmento de torques inédito recentemente aparecido no Castro de Troña”. *Castrelos*, 12: 67-80.
- (2000), “Estudo ponderal preliminar dos torques áureos castrejos”. *Actas do Congreso Internacional de Proto-História Europea - Centenário Francisco Martins Sarmento*, vol. 2, pp. 587-602. Guimarães, Sociedade Martins Sarmento.
- (2001), “Os torques de prata da Cividade de Bagunte”. *Estudos Pré-históricos*, IX: 111-122.
- (2002), “Achea ao estudo contextual da ourivería castrexa”. *Gallaecia*, 21: 177-191.
- (2003), “Sobre un novo torques recentemente adquirido polo Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón”, *Brigantium*, 14: 109-115.
- (2004), “Os torques do Castro de Xanceda (Mesía, A Coruña)”, *Anuario Brigantino*, 27: 91-116.
- (2005), “Análisis territorial de la distribución de hallazgos de torques áureos de la II Edad del Hierro en el NO. peninsular”, *Actas del Encuentro de jóvenes investigadores sobre Bronce Final y Hierro en la Península Ibérica*, pp. 94-110. Salamanca, Ed. Fundación Duques de Soria – Universidad de Salamanca (CD-ROM).
- (2000) (en colaboración con PRADO, O.), “Achea historiográfica á interpretación da ourivesaría pre e proto-histórica no Noroeste Peninsular: 1838-1936”. *Actas do III Congreso de Arqueología Peninsular*, vol. I, pp. 407-416. Porto, ADECAP.
- PAZOS, D. (1916), *Apuntes acerca de la historia de la villa y comarca de Sarria*. Madrid, Establecimiento tipográfico de Jaime Ratés [Existe unha reedición facsimilar, con prólogo de Felipe Arias, publicada pola editorial Alvarellos en Lugo, no 1980, baixo o título *Historia de Sarria*].
- PÉREZ OUTEIRIÑO, B. (1990), “Achea tipolóxica para o estudo dos torques áureos do NW”, *Gallaecia*, 12: 139-151.
- PRIETO, S. (1996), “Los torques castreños del Noroeste de la Península Ibérica”, *Complutum*, 7: 195-223.
- TRANOY, A. (1981), *La Galice Romaine*. París, Publications du Centre Pierre Paris.